

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP COUTADA-BEADE

CURSO: 2º E.P

MATERIA: MÚSICA

DATA: 12. 5.2020

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| <b>BLOQUE 1</b>   | <b>ESCOITA</b>  |
| Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.         | Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.   |
|   | Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.   |
| Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.   | Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.   |
|   | Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.  |
| Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter). | Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. |
| <b>BLOQUE 2</b>   | <b>INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>   |
| Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.            | Repite esquemas rítmicos escoitados   |
| Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.                       | Elixe e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.  |

BLOQUE 3 MÚSICA, MOVEMENTO e DANZA

Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

Responde co seu corpo a estímulos sonoros.

Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

|                            |   |
|----------------------------|---|
| <b>Avaliación</b>          | Procedementos: A avaliación será global, continua e formativa, facilitando ao alumnado cantidade e variedade de experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno/a alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades.   |
|                            | Instrumentos: -Fichas fotocopiáveis de repaso e reforzo.<br>- Blog de Música (creado especialmente para esta circunstancia extraordinaria, dado que é moi difícil realizar actividades colectivas telemáticamente). O enlace é <a href="http://maticesmusicais.blogspot.com">maticesmusicais.blogspot.com</a> (entradas periódicas con recursos diversos -audicións, danzas, cancións, exercicios rítmicos, instrumentación....). |
| <b>Cualificación final</b> | Na avaliación final das aprendizaxes valorarei o grao de desenvolvemento das competencias imprescindibles, desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, presencialmente, calculando unha nota media e valorando positivamente o traballo deste 3º trimestre.  |

| <b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |  |
|--|--|
| <b>Actividades</b>   | Ver, escoitar e practicar os recursos subidos ao BLOG, -cantigas, percusións corporais, linguaxe musical, audicións, xogos de discriminación auditiva, familias instrumentais.   |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>  | <p style="text-align: center;"><b>Alumnado con conectividade</b></p> <p>Activa e lúdica. Sentir, expresar e crear son as palabras clave. O blog de música, presenta diversidade de actividades, -expresión corporal, a voz, práctica instrumental, audicións,- .O alumnado descubrirá un mundo sonoro enriquecido e comprenderá o valor da música como arte. Refórzanse as competencias básicas e as intelixencias múltiples.</p> <p style="text-align: center;"><b>Alumnado sen conectividade</b></p> <p>Activa e formativa, repasando exercicios e contidos no libro de texto. Refórzanse asimesmo as competencias básicas e as intelixencias múltiples.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b>  | O BLOG de Música, <a href="http://maticesmusicais.blogspot.com">maticesmusicais.blogspot.com</a> , no que hai entradas con contidos axeitados ás súas idades.<br><b>-Libro de texto.</b>   |

| <b>4. Información e publicidade</b>          |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | As familias poden comunicarse a través da app ABALARmóbil, por mensaxería. E o BLOG está publicado na web do centro. |
| <b>Publicidade</b>                           | Publicación obrigatoria na páxina web do centro.   |